

|   |  |
|---|--|
| Código do documento<br><b>USG15I01XD</b>  | Código do expediente<br><b>USG/2021/85</b> |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |  |

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE MAIO DE 2021.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D. María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueiroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanessa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día dezanove de maio do ano dous mil vinte e un, reúnense a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueiroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 10 DE MAIO DE 2021.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe alguma obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 10 de maio de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e da Sra. concelleira, Figueiroa Fuentes, os cales manifestan que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 10 de maio de 2021.

**2.- PROPOSTAS.**

**2.1.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE TURISMO.**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta do xefe do Gabinete técnico conformada pola concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá e Persoal en data 10 de maio de 2021 (código de documento UPO15I00T0), relativa á aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección dun/dunha técnico/a de turismo, que transcrita di:

**"PROPOSTA-Convocatoria selección técnica/o de turismo**

1. No Boletín Oficial da Provincia número 217 do 18 de decembro de 2020 publicouse o anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña polo que se publica a resolución da presidencia 41318/2020 do 16 de decembro de 2020 pola que se aproban as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021.



| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

O Concello de Culleredo solicitou a citada subvención á Deputación Provincial da Coruña, de acordo coa convocatoria publicada no BOP número 217 do 18 de decembro de 2020 de programas de subvención dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021.

No Boletín Oficial da Provincia número 72 do día 20 de abril de 2021 publicouse a resolución pola que se aproba a concesión definitiva ao Concello de Culleredo dunha subvención por un importe de 9.858,51 euros para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021.

2. O día 20 de abril de 2021 a xefa de Servizo de Dinamización, Formación e Emprego, coa conformidade do concelleiro delegado de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo remite informe-proposta para a convocatoria de probas selectivas para prover, con carácter de urxencia de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, o posto de técnica/o de turismo por un período de 4 meses.

O artigo 3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en adiante, LEPG), establece que un dos principios informadores do réxime xurídico do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia é a igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público.

No artigo 26.3, establece que poden ser desempeñados por persoal laboral, entre outros, os postos de natureza non permanente, circunstancia que concorre neste caso.

E no seu artigo 56 establece que poderán utilizarse para a selección do persoal os sistemas de oposición, concurso-oposición e, excepcionalmente, concurso. Neste caso, e en consideración á natureza temporal do vínculo laboral e ao traballo a desenvolver no período de contratación, enténdese que o sistema máis axeitado é o concurso-oposición.

3. De acordo coa titulacións esixidas e o artigo 32 do Convenio do persoal laboral do Concello de Culleredo, o cálculo do custo salarial faise considerando que o grupo profesional do persoal contratado será do grupo I-b ou do grupo II.

De acordo co artigo 48 do convenio colectivo, as retribucións a percibir polo persoal laboral temporal que non ocupe posto na relación de postos de traballo e cuxa contratación estea financiada por outra administración dentro dun programa no que non se especifican expresamente os custos salariais, serán as establecidas para o persoal laboral que ocupe postos de traballo na RPT coas seguintes peculiaridades para o caso de contratación dentro do grupo I-b: complemento de categoría do nivel 16 e complemento específico de 81 puntos e para o caso do grupo II, complemento de categoría do nivel 15 e complemento específico de 77 puntos.

4. Polo Servizo de Persoal e Organización, elaboráronse as bases do proceso selectivo de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, texto refundido do estatuto dos traballadores; Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, estatuto básico do empregado público; Convenio colectivo do Concello de Culleredo (BOP 04/07/2013) e Bases específicas que complementan as bases reguladoras xerais das convocatorias de subvencións da deputación, publicadas no BOP núm. 247, do 30 de decembro de 2016 (BOP 15/02/2015).

O día 30 de abril de 2021 a interventora xeral emite reparo suspensivo UIT15I00EG. O día 4 de maio de 2021 a concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal emite unha discrepancia ao reparo formulado (código documento número UPO15I00R4). O 6 de maio de 2021 o sr alcalde dita resolución por medio da cal acorda levantar o reparo UIT15I00EG que formula a Intervención municipal xeral e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente. O 7 de maio de 2021 a secretaria xeral emite nota informativa número 33/2021 (documento USG15I01U7) na que informa desfavorablemente as bases e a convocatoria para a contratación laboral temporal dun/dunha técnico/a de turismo.

Por resolución do alcalde do 18 de xuño de 2019, acordouse a delegación na Xunta de Goberno Local da atribución para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal.

Vista a resolución do alcalde-presidente do día 27 de outubro de 2020 na que se modifica a dependencia xerárquica do Servizo de Persoal e Organización que pasa a depender do Gabinete Técnico da Alcaldía-Presidencia.

De acordo con anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, a aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección dunha técnica/o de turismo, de acordo co seguinte detalle:

#### **PROBAS SELECTIVAS, TÉCNICA/O DE TURISMO.**



| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

## CONVOCATORIA

Convócase proceso selectivo, para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, dun/ha técnica/o de turismo.

A relación laboral formalizarse mediante un contrato de traballo de carácter temporal por obra ou servizo determinado, con xornada completa.

A duración deste contrato será de 4 meses.

A retribución será a establecida no artigo 48 do Convenio colectivo do Concello de Culleredo.

No caso de que a o/a aspirante seleccionado/a posúa algúns das titulacións de grao, licenciatura ou diplomatura das esixidas no punto 1.2 desta convocatoria corresponderánlle as retribucións do grupo I-b.

No caso de que o/a aspirante seleccionado/a posúa algúns das titulacións de técnico das esixidas no punto 1.2 desta convocatoria corresponderánlle as retribucións do grupo II.

A convocatoria e as bases da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)), e anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

## BASES DA CONVOCATORIA

### 1. Requisitos dos/das candidatos/as

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

#### 1.1. Nacionalidade. Cúmprese este requisito nos seguintes casos:

C.I.F. P-1503100-H

- a) Ser español/a.
- b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españoles e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevexe o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.
- d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

#### 1.2. Titulación. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo, dalgún dos seguintes títulos:

- Técnico/a superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente
- Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente
- Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado
- Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte
- Grao ou licenciatura en Humanidades
- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio
- Grao ou licenciatura en Historia



**CULLEREDO**  
**CONCELLO**

(R.E.L. 01150315)

| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| USG15I01XD                                | USG/2021/85              |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

**1.3. Capacidad legal:** Ter capacidad para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

**1.4. Capacidad funcional:** Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

**1.5. Habilaciuón:** Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administración Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

## 2. Solicitudes

2.1. Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia, segundo o modelo do anexo, que se facilitará na páxina web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)).

2.2. Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, deberá presentar orixinal ou copia da seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.
- Título ou acreditación do requisito de titulación.
- Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, e fotocopia dos documentos xustificativos. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. (base 5.1)
- Memoria (base 5.2)

2.3. O prazo para a presentación das solicitudes será de cinco días hábiles, desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

C.I.F. P-1503100-H

2.4. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O horario do Rexistro xeral do Concello de Culleredo é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

2.5. Dada o carácter urxente da convocatoria, a presentación das instancias por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, debe ser comunicada vía correo electrónico dirixida á dirección [persoal@culleredo.es](mailto:persoal@culleredo.es).

## 3. Admisión dos/das aspirantes

3.1. **Lista provisional.** Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se declarará aprobada a lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)).

3.2. **Prazo reclamacións.** Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)), co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión. Dada o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, debe ser comunicada vía fax (número 981 – 677646).

3.3. **Lista definitiva.** Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)). A admisión do/da aspirante e a súa inclusión na lista definitiva de admitidos e excluídos, queda condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos. Polo tanto, a comprobación en calquera momento do proceso, do non cumplimento dos requisitos esixidos conllevará a exclusión do/da aspirante.

## 4. Comisión da avaliación

4.1. A Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Funcionaria/o dos grupos A1/ A2 ou Persoal laboral fixo grupos I-a / I-b.



**CULLEREDO**  
**CONCELLO**

(R.E.L. 01150315)

| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| USG15I01XD                                | USG/2021/85              |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

- Vogais (3 titulares e 3 suplentes): Funcionaria/o dos grupos A1/ A2 ou Persoal laboral fixo grupos I-a / I-b.
- Secretaria/o. Titular: Secretaria xeral do Concello. Suplente: a persoa que ocupe a Secretaría xeral de xeito accidental.

4.2. A composición nominativa da comisión de valoración (titulares e suplentes) determinarase na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

4.3. Os membros da comisión de valoración terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a poderá solicitar dos membros da comisión de valoración declaración expresa de non atoparse incursos na obriga de abstención regulada nesta base.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de valoración cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nesta base.

4.4. A comisión de valoración non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente/a, o/a secretario/a e un/unha vogal.

4.5. Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. A comisión de valoración queda autorizada para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

## 5. Proceso selectivo

C.I.F. P-1503100-H

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición, de acordo co seguinte detalle:

### 5.1 Fase de concurso (máximo 10 puntos)

5.1.1. Cursos de especialización, en centros oficiais ou homologados, relacionados co sector turístico (ata un máximo de 3 puntos):

- Máster ou posgrao:.....0,50 puntos.
- Cursos de 100 horas ou máis:.....0,30 puntos.
- Cursos de 50 a 99 horas: .....0,20 puntos.
- Cursos de 20 a 49 horas:..... 0,10 puntos.

5.1.2. Cursos de idiomas (ata un máximo de 3 puntos):

- Coñecemento do idioma inglés ata un máximo de 1,5 puntos:
  - a) Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,5 puntos; Nivel A 2: 0,50 puntos
  - b) Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 1,5 puntos; Nivel B 2: 1 punto
  - c) Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 2,5 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.

- Coñecementos doutros idiomas, ata un máximo de 1,5 puntos.

- a) Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,5 puntos Nivel A 2: 0,50 puntos
- b) Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 1,5 puntos; Nivel B 2: 1 punto
- c) Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 2,5 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente. Só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

5 de 20

|  |                          |
|--|--------------------------|
| Código do documento  | Código do expediente     |
| <b>USG15I01XD</b>  | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                          |
|  | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

#### 5.1.3. Pola posesión do carné de Guía Turístico Especializado de Galicia: 1 punto.

#### 5.1.4. Experiencia profesional como técnico/a de turismo (ata un máximo de 3 puntos):

- Na Administración Pública 0'20 puntos por cada mes completo.
- Na empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Experiencia na administración pública: Certificado de servicios prestados emitidos pola Administración correspondente.
- Experiencia na empresa privada: Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funciones desenvolvidas (nómina, contrato, certificado empresa, etc).

#### 5.2.-Fase de oposición (A memoria e a súa defensa serán avaliadas de xeito conxunto sobre un máximo de 15 puntos.)

##### De carácter obligatoria e eliminatoria.

C.I.F. P-1503100-H

\* **Memoria:** Elaboración dunha memoria, que deberá presentarse dentro do prazo de presentación de instancias, coas seguintes características: extensión non superior a 10 folios, formato A4, que versará sobre una proposta de organización e funcionamento dunha oficina de turismo en Culleredo para un período de 4 meses.

\* **Defensa da memoria:** Na que se procederá á defensa da memoria por parte do/a aspirante e na que a Comisión de Valoración poderá fazer todas as preguntas que considere oportunas para constatar os coñecementos sobre a materia e as aptitudes do/a candidato/a para poder proceder posteriormente a súa avaliación.

#### 6. Desenvolvemento do proceso selectivo

6.1. A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. A Comisión de Avaliación publicará na paxina web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación na fase de oposición, maior puntuación no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; maior puntuación no apartado posesión do carné de guía turístico especializado de Galicia; maior puntuación no apartado cursos de especialización relacionados con sector turístico. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apellido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría de Estado para a administración pública.

#### 7. Presentación de documentación e resolución de contratación

7.1. O/a candidato/a seleccionado terá que presentar no Concello de Culleredo, dentro dos tres días hábiles a partir da publicación da lista co resultado do proceso na páxina web, para poder ser contratado como persoal laboral temporal, os seguintes documentos:

- a) Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de nacionalidade e titulación.



| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

- b) Certificado médico, no que se acredite non estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto.
- c) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.
- d) Orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados.

7.2. O/a candidato/a seleccionada/o será contratada/o previa resolución do alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a.

7.3. Se non se presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas a súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na solicitude inicial.

7.4. No caso de que a/o candidata/o seleccionada/o non poda ser contratada/o por non ter presentado a documentación requirida, ou no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, poderase proceder de acordo co establecido nesta base á contratación doutro aspirante, seguindo a orde do proceso selectivo de acordo coa relación de aspirantes publicada pola Comisión de avaliación na paxina web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)).

## **8. Base final**

A presente convocatoria e cants actos administrativos se deriven dela e da actuación da Comisión de Avaliación poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.”

C.I.F.P-1503100-H

Consta no expediente informe de intervención de data 30 de abril de 2021 (código de documento UIT15I00EG) que transcrita literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN DE FISCALIZACIÓN DEL EXPEDIENTE UPO/2021/47 PROPUESTA DE APROBACIÓN DE LA CONVOCATORIA Y BASES DE LA CONVOCATORIA PARA LA SELECCIÓN TEMPORAL DE UN TÉCNICO DE TURISMO

La funcionaria que suscribe, Interventora General del Ayuntamiento de Culleredo, con arreglo a lo establecido en el artículo 214 RD Legislativo 2/2004 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLHL), y con carácter previo a la adopción del correspondiente acuerdo, tiene a bien emitir el siguiente informe:

1.- De conformidad con lo previsto en el artículo 11 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

De conformidad con lo previsto en el artículo 61 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público los procesos selectivos tendrán carácter abierto y garantizarán la libre concurrencia, sin perjuicio de lo establecido para la promoción interna y de las medidas de discriminación positiva previstas en este Estatuto.

2.- Según el artículo 19 Cuatro de la Ley 11/2020, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2021, no se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, questión esta que no considero suficientemente motivada.



| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

3.- Respecto a la existencia de crédito disponible, una vez concedida definitivamente la subvención de la Diputación a estos efectos sólo depende de la tramitación de la correspondiente generación de crédito.

4.- La información y promoción de la actividad turística de interés y ámbito local, está recogida entre las competencias propias de los Ayuntamientos (art. 25.2 h) LRBRL).

En base a lo anterior, se llega a la siguiente

#### CONCLUSIÓN

Teniendo en cuenta la legislación expuesta y las consideraciones realizadas se informa desfavorablemente la propuesta remitida por no acreditarse la excepcionalidad, urgencia e inaplazabilidad que justifique la contratación temporal y, en consecuencia, se formula el correspondiente reparo suspensivo por omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales (artículo 216.2 c) TRLRHL)."

Consta no expediente nota informativa de secretaría 33/2021 de data 7 de maio de 2021 (código de documento USG15I01U7) que transcrita literalmente di:

#### NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

33/2021

Remitida ao portasinaturas da que subscribe Resolución da Alcaldía ( código de documento UPO5I00RC) no que, en relación ao expediente UPO/2021/47 se acorda levantar o reparo formulado pola Intervención municipal xeral UIT15I00EG e continuar o expediente iniciado (refírese ao procedemento relativo á convocatoria para a selección dun /dunha técnico/a de turismo(UPO/2021/47)), en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

A) Dende o punto de vista formal:

A resolución remítense ao portasinaturas da que subscribe asinada polo sr. Alcalde o 6 de maio de 2021 sen que con carácter previo á sinatura se remitise o expediente a Secretaría para o seu exame, o que infrinxo o disposto no artigo 177 do ROF , e impide á que subscribe exercer axeitadamente as funcións que legalmente ten atribuídas a Secretaría da Corporación. Dado que esta a non é a primeira vez que dende o gabinete técnico se pasan a sinatura do órgano resolutorio resolucións sen que previamente se entregue a Secretaría o expediente para o seu exame( de feito todas as resolucións do servizo de persoal se presentan en secretaría xa asinadas desde que o dito servizo pasou a depender do gabinete técnico da alcaldía por acordo adoptado por resolución da Alcaldía do 27.10.2020), reitero unha vez máis o solicitado xa en reiteradas ocasións de que se remitan os expedientes a secretaría , con carácter previo a pasarlos á sinatura do órgano resolutorio, para que poida proceder ao seu exame con carácter previo á resolución e así poder exercer as funcións legalmente reservadas pola normativa vixente a esta funcionaria de Administración local con habilitación de carácter nacional, xa que o incumprimento do dito precepto regulamentario impide á que subscribe o exercizo axeitado de funcións que lle atribue a normativa vixente.

B: En canto ao fondo do asunto:

**Primeira.-** Os principios que rexen para o acceso á función pública están recollidos nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución española, e son os de igualdade, mérito e capacidade, ao que debemos engadir, pola súa previsión legal nun texto que é normativa básica, o de publicidade.

**Segunda.-** En relación co persoal laboral ao servizo da Administración pública, temos que ademáis dos principios que rexen a contratación laboral están os principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso, pola razón que no caso das Administracións Públicas converxe un dobre interés: dunha banda, o de seleccionar ao persoal que reúna as condicións más axeitadas para o desempeño do posto en cuestión, coincidente coa empresa privada, e por outra banda, a salvagarda do interese público que toda administración pública representa, interés que se concreta no

C.I.F. P-1503100-H



| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

dereito dos cidadáns a acceder nas mesmas condicións de igualdade, mérito e capacidade ós postos de traballo remunerados con cargo ós presupostos públicos.

O comentado anteriormente concrétese na lexislación vixente. Así o artigo 55 do TRLEBEP sinala que:  
"1.- Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.

2.- Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:

- a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.
- d) Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.
- e) Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar
- f) Agilidad, sin perjuicio de la objetividad en los procesos de selección."

Incide no mesmo a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, que no seu artigo 91.2 reproduce o contido do artigo 19.1 da LMRFP; algo no que insiste o artigo 103, referente ó persoal laboral, que será seleccionado -dispon- "...atenéndose, en todo caso, ó dispuesto no artigo 91 e co máximo respeto ó principio de igualdade de oportunidades de cantos reúnan os requisitos esixidos...".

En relación con este precepto, a Sentenza do Tribunal Supremo do 20.01.1998, establece que <<Este precepto, que se califica en el artículo 1.3 de la citada Ley como una de las bases del régimen estatutario de la función pública, resulta aplicable, por tanto, a todas las Administraciones, y contiene un mandato cuyo carácter imperativo no puede desconocerse. Se impone en él la aplicación al personal laboral de los criterios de selección tradicionales en la función pública y ello tiene una indudable trascendencia en orden al sistema de garantías que el propio precepto menciona y que enlazan con las previsiones constitucionales sobre la igualdad de los ciudadanos en el acceso a la función pública (artículos 14 y 23 de la Constitución), entendida aquéllea en sentido amplio -como empleo público- y en la aplicación para dicho acceso de los principios de mérito y capacidad (art.103.3 de la Constitución).

C.I.F. P-1503100-H

Por su parte, el art. 15.1, c) de la Ley 30/1984, en la redacción de la Ley 23/1988, establece que con carácter general los puestos de trabajo de las Administraciones Públicas han de desempeñarse por funcionarios con las únicas excepciones que menciona el párrafo segundo de este precepto (puestos no permanentes, actividades propias de oficios y de vigilancia y custodia, puestos de carácter instrumental en áreas específicas, los correspondientes a áreas de actividades que requieran conocimientos técnicos especializados cuando no existan cuerpos de funcionarios con preparación específica y los puestos de trabajo en el extranjero).

El artículo 19 de la Ley 30/1984 fue desarrollado en el Reglamento General de Provisión de Puestos de Trabajo, aprobado por el Real Decreto 2223/1984, que dedica su Título III a la selección de personal laboral fijo y que, en su artículo 32, autoriza la contratación temporal de personal laboral para realizar trabajos que no puedan ser atendidos por personal fijo, si bien hay que precisar que dado el carácter temporal del vínculo y la urgencia de la contratación se aplican en estos casos procedimientos de selección más flexibles que han de determinarse por el Ministerio competente. Las mismas reglas se contienen en el Título II del Reglamento vigente aprobado por el Real Decreto 364/1995.

Estas disposiciones sitúan a las Administraciones Públicas en una posición especial en materia de contratación laboral, en la medida en que las irregularidades de los contratos temporales, no pueden dar lugar a la adquisición de la fijeza, pues con ello se vulnerarían las normas de derecho necesario sobre la limitación de los puestos de trabajo en régimen laboral y la reserva general a favor de la cobertura funcional, así como las reglas imperativas que garantizan que la selección debe someterse a los principios de igualdad, mérito y publicidad en el acceso al empleo público>"

Así o artigo 49 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón que:  
"Principios xerais. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei seleccionarán o persoal ao seu servizo de conformidade cos principios seguintes:



| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

- a) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e das persoas con discapacidade
- b) Mérito e capacidade.
- c) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- d) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección.
- e) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- f) Independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- g) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver.
- h) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos."

Polo que respecta en concreto ao persoal laboral temporal, o artigo 26.3 da devandita Lei 2/2015, establece que "3. Poden ser desempeñados por persoal laboral: a) Os postos de natureza non permanente e aqueles cuxas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e descontínuo. b) Os postos cuxas actividades sexan propias de oficios. c) Os postos correspondentes a áreas de actividade que requirian coñecementos técnicos especializados cando non existan corpos ou escalas de persoal funcionario cuxas persoas integrantes teñan a preparación específica necesaria para o seu desempeño. d) Os postos de carácter instrumental correspondentes ás áreas de mantemento e conservación de edificios, equipamentos e instalacións e mais de artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística."

Engadindo no seu artigo 27.1 " 1. Os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e se consideren de provisión urgente e inaprazable poden ser cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal de conformidade cos procedementos previstos no convenio colectivo que resulte aplicable. En todo caso, para a contratación deste persoal laboral non se poderá acudir ás empresas de traballo temporal. "

C.I.F.P-1503100-H

En atención ao exposto, a contratación do persoal laboral temporal por parte das Administracións Públicas debe respetar os devanditos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

**Cuarta.-** O artigo 19 Cuatro da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2021 establece que non se poderá contratar persoal temporal nin realizar nomeamentos de persoal estatutario e temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urgentes e inaprazables.

Consecuentemente suprime a contratación de persoal laboral temporal e os nomeamentos de funcionarios interinos, permitindo como únicas excepcións as contratacóns que se deban a casos excepcionais e para cubrir necesidades urgentes e inaplazables , conceptos estes que entrarían dentro do que se coñece como concepto xurídico indeterminado.

Este tipo de conceptos xurídicos indeterminados obriga a que sexa o órgano competente o que o determine e concrete en cada caso. Non se trata de deixar unha potestade discrecional en mans do órgano competente, senón de que este xustificadamente aprecie a concorrencia en cada caso das circunstancias que motivarían a excepcional contratación de persoal temporal.

Sen embargo esto non pode supoñer unha liberdade absoluta do órgano competente en orde á apreciación libre e discrecional das circunstancias concorrentes, senón que debe limitarse a determinar se concorre ou non o suposto de feito que habilita acudir á forma extraordinaria de contratación laboral temporal ou de interinidad.

Igualmente a propia xurisprudencia e incluso alguma normativa teñen concretado ou acotado o que pode entenderse tanto como necesidades urgentes e inaprazables.

Así mesmo, os requisitos establecidos no presente artigo deben concorrer acumulativamente, isto é que en definitiva a contratación que se pretende levar a cabo terá que reunir estes criterios conciuntamente:

- 1.- a contratación pretendida debe ser un caso excepcional.
- 2.-debe ter como fin necesidades urgentes e inaprazables.



| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

Así en canto a que se trate dun suposto excepcional de contratación, o diccionario da Real Academia Española da Lingua define excepcional como aquello que constitúe unha excepción da regra común, que se aparta do ordinario ou que ocorre rara vez.

Como é obvio tal excepcionalidade debe estar xustificada no expediente.

Neste sentido no expediente administrativo consultado non consta ningún tipo de xustificación ao respecto.

Polo que respecta ao segundo dos requisitos podemos sinalar que resulta paradigmática e clarificadora a sentencia dictada polo TSJ de Madrid, sala do contencioso-administrativo, sección 3ª, de data 10 de setembro de 2007, que se ben referida á interpretación do artigo 64.1 do Real Decreto 364/1995, esta Secretaría entende plenamente aplicable , e que no seu fundamento xurídico quinto establece que:

*"Del tenor literal de dicho precepto claramente se sigue que el presupuesto de hecho habilitante para acudir a esta forma de provisión es la existencia de una situación de necesidad, que la norma califica como urgente e inaplazable, la cual permite excepcionar la forma normal de provisión de puestos de trabajo reservados a funcionarios que es el concurso de méritos (artículo 36.1 del mismo Real Decreto 364/1995).*

*Por lo tanto, la revisión de la legalidad de la actuación administrativa pasa necesariamente por analizar si la urgencia e inaplazable necesidad concurre en el caso planteado. Se ha de tener presente en este sentido que no estamos ante una facultad discrecional de la Administración, caracterizada porque la Ley misma le reserva un margen de apreciación para determinar cual sea la decisión adecuada de entre varias igualmente justas, sino ante lo que se ha denominado como concepto jurídico indeterminado, en el que existe una única solución posible, si bien no explicitada por la norma, lo que se traduce en el caso que nos ocupa en la determinación de si concurre o no el supuesto de hecho que habilita para acudir a la forma extraordinaria de provisión que es la comisión de servicios, es decir, si había una urgente e inaplazable necesidad de cubrir los puestos controvertidos; determinación que en modo alguno puede abandonarse sólo al juicio administrativo pues se estaría con ello propiciando un ejercicio arbitrario de la potestad, opaco al control judicial, cuando la norma ha querido condicionar la posibilidad de la comisión a un hecho cierto: la concurrencia de la situación de necesidad, que existe o que no existe, pero que no depende del criterio administrativo. Pues bien, es por ello igualmente innegable que la concurrencia de dicho presupuesto habilitante ha de resultar acreditada en el procedimiento administrativo y explicitada en la resolución de nombramiento, permitiendo en cualquier caso cuestionar la legalidad de la decisión mediante el análisis de la realidad del presupuesto de hecho en el que se asienta.*

*Sin embargo, en el caso de autos no hay otro indicio de que concurre real y verdaderamente la situación de necesidad, y que esa necesidad es urgente e inaplazable, que la mera consignación del artículo 64.1 del Real Decreto 364/1995 , en el Acuerdo de nombramiento, insuficiente para contrastar que, en efecto, resultaba urgente e inaplazable la cobertura de la plaza vacante por el mecanismo excepcional de la comisión de servicios. La necesidad urgente e inaplazable de cubrir una plaza mediante una comisión de servicios, no se acredita con la mera afirmación de la Administración de que existe tal necesidad y que ésta es urgente e inaplazable, porque la existencia de la necesidad, y el carácter urgente e inaplazable de ésta, son circunstancias de hecho que o concurren o no concurren, y que se pueden apreciar empíricamente acreditando el volumen de trabajo de la plaza, el trabajo pendiente que provoca la falta de cobertura de aquélla, la repercusión de la falta de cobertura del puesto de trabajo en el Servicio o Unidad en el que se halla, etc, es decir que la Administración puede y debe justificar que se dan las circunstancias que permiten acordar la comisión de servicios, y debe hacerlo aportando peticiones o informes de los responsables de la Unidad o Servicio, quejas, estadísticas, estudios sobre asuntos pendientes o documentación similar, que permita a los Jueces y Tribunales de esta Jurisdicción verificar que existe la necesidad urgente e inaplazable que impone la norma como presupuesto de hecho para acordar la comisión de servicios".*

Polo tanto da lectura da citada sentencia queda claro que ten que xustificarse no expediente de xeito obxectivo a necesidade urgente e inaprazable da utilización dunha forma excepcional de contratación ou selección.

Sinalando así mesmo unha serie de formas ou medios de xustificación (volume de trabalho da praza, repercusión da falla de cobertura no servizo, queixas, estadísticas, estudios etc...).

No presente expediente tampouco constan suficientemente xustificados este extremos.

Finalmente sinalar que , a xuízo desta Secretaría, a financiación ao 100% do custo do traballador/a non pode suplir as citadas esixencias legais.



| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

## CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto infórmase DESFAVORABLEMENTE as bases e a covocatoria para a contratación laboral temporal dun/dunha técnico/a de turismo.

É o que expoño nesta nota informativa que é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, requieren dun exame más coñectado do expediente, polo que as observacións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.”

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria á proposta do xefe do Gabinete técnico conformada pola concelleira delegada da Área de Seguridade cidadá e Personal en data 10 de maio de 2021 (código de documento UPO15I00T0), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **3.- DACIÓN DE CONTA.**

### **3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN. PUBLICACIÓN OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

#### **Publicacións:**

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución do 29 de abril de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade -Secretaría Xeral da Igualdade-, pola que se publican os requisitos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 2 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B E SI435C). DOG núm. 88 do 11-05-2021.
- Anuncio do 6 de maio de 2021, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de actividades socioeducativas do Centro Ocupacional Municipal A Escada dos meses de xaneiro e febreiro de 2021. BOP núm. 87 do 11-05-2021.
- Anuncio do 5 de maio de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha lista de substitución de auxiliar administrativo/a (persoa funcionario interino). BOP núm. 87 do 11-05-2021.
- Resolución do 14 de maio de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se modifica a resolución 2021/13902 do 09/04/2021 pola que se avoca a competencia para a aprobación das bases reguladoras do PEL Reactiva: programa específico de apoio á hostalería e axencias de viaxe. BOP núm. 91 do 18-05-2021.

### **3.2.- RESOLUCIÓN E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

3.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resoluciones da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/779/2021 do 04/05/2021 pola que se inicia o expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade e salubridade mediante a realización das tarefas de limpeza, tala e roza, na parcela con referencia catastral 15031A06100403 de acordo co deber



|   |  |
|---|--|
| Código do documento<br><b>USG15I01XD</b>  | Código do expediente<br><b>USG/2021/85</b> |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |  |

de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 de febreiro do solo de Galicia, e nos artigos 21, 22 e 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

- Resolución número CUL/RES/780/2021 de data do 04/05/2021 pola que se iniciar o expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade e salubridade mediante a realización das tarefas de limpeza, tala e roza, na parcela con referencia catastral 15031A06100406 de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 de febreiro do solo de Galicia, e nos artigos 21, 22 e 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Resolución número CUL/RES/826/2021 de data do 11/05/2021 pola que se expide a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca TOYOTA PRIUS PLUS, matrícula 1420LNG de 5 prazas, número de identificación JTDZS3EU90J067009, en substitución do vehículo 1716HWP, ao entender que cumple todos os requisitos, á licenza de taxi número 22.”

3.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resoluciones e actividades da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

C.I.F. P-1503100-H

| <b>*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.</b> |               |  |                     |             |
|--|---------------|--|---------------------|-------------|
| Data da resolución   | Nº resolución | TEMA   | Persoa beneficiaria | Intensidade |
| 6/4/2021   | 495           | Dar de baixa o servizo municipal de Axuda no fogar e declarar terminado o procedemento.                      | ***9228**           |             |
| 7/4/2021   | 496           | Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos). | ***3365**           |             |
| 9/4/2021   | 505           | Dar de baixa o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e declarar terminado o procedemento.                   | ***9321**           |             |

| <b>**PRESTACIÓNXS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acuerdo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emergencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013</b> |               |                            |                     |   |         |
|---|---------------|----------------------------|---------------------|---|---------|
| Data da resolución  | Nº resolución | TEMA                       | Persoa beneficiaria | Obxecto da axuda  | Importe |
| 6/4/2021  | 493           | Concesión axuda económica. | ***0278**           | Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro a abril | 1125€   |



|   |                          |
|---|--------------------------|
| Código do documento                       | Código do expediente     |
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

C.I.F. P-1503100-H

|           |     |                            |           |   |                       |
|-----------|-----|----------------------------|-----------|---|-----------------------|
|           |     |                            |           | de 2021 (375€/mes).   |                       |
| 6/4/2021  | 494 | Concesión axuda económica. | ***4776** | Pago de hipoteca, correspondente aos meses de xaneiro de 2021 (315€) e febreiro e marzo de 2021 (407€/mes).   | 1129€                 |
| 7/4/2021  | 497 | Concesión axuda económica. | ****5713* | Pago de aluguer, correspondente aos meses de maio e xuño (400€/mes) e xullo 329,80€ de 2020.  | 1129,80€              |
| 21/4/2021 | 656 | Concesión axuda económica. | ****4791* | Pago de auga, correspondente a meses dos anos 2020 e 2021.<br><br>Pago de recibo de luz, correspondente a meses dos anos 2020 e 2021  |                       |
| 21/4/2021 | 657 | Concesión axuda económica. | ***4573** | Pago de aluguer correspondente aos meses de xuño e xullo de 2020 (40€), agosto e setembro (40€), outubro e novembro (40€) e decembro de 2020 e xaneiro de 2021 (40€).<br><br>Pago de recibo de auga, por un importe de , correspondente ao 1º trimestre 2020 (87,66€), 2º trimestre (55,83€), 3º trimestre(64,41€) 4º trimestre (60,84€).<br><br>Recibo de electricidade correspondente a os meses de abril(28,30€), xuño(26,45€), xullo(22,34€), agosto(23,52€), setembro(24,65€), outubro(21,42€), decembro(21,11€), 2020 xaneiro(38,78€) 2021.<br><br>Pago do auga | 160€, 268,74€ 206,57€ |



**CULLEREDO**  
**CONCELLO**

(R.E.L. 01150315)

|   |  |
|---|--|
| Código do documento<br><b>USG15I01XD</b>  | Código do expediente<br><b>USG/2021/85</b> |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |  |

|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
|  |  |  | correspondente a recibos de 2021.<br><br>Pago da electricidade correspondente a recibos de 2021. |  |
|--|--|--|--|--|

**1. AREA DE BENESTAR SOCIAL:**

**SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:**

***PROGRAMA I DE VALORACION , ORIENTACION E INFORMACION SOCIAL***

***Proxecto 3.Información comunitaria aberta***

**Culleredo "enCLAVEsocial nas ondas"**

A Concellaría de Política social e promoción do deporte da conta dos programas emitidos na Radio municipal que periódicamente, todos os martes e xoves, leva a cabo o equipo técnico da área. Co obxectivo de informar, orientar e sensibilizar á poboación sobre distintas temáticas sociais, os programas desenvolvidos na sección "enCLAVEsocial nas ondas" no primeiro cuadrimestre do ano foron os seguintes:

| DATA     | TEMÁTICA  | PERSOAS ENTREVISTADAS   |
|----------|---|---|
| 12/01/21 | Día Mundial da depresión                                      | Asociación pro enfermos mentais APEM                              |
| 14/01/21 | Anhida: programas e actividades para o 2021                   | Anhida Coruña   |
| 19/01/21 | Doazón de sangue en tempos de coronavirus                     | Axencia galega doazón de sangue e órganos                         |
| 21/01/21 | A Diabetes e a COVID19  | Asociación diabética AURIA  |
| 26/01/21 | Diálise e COVID19   | Alcer Culleredo   |
| 28/01/21 | A pandemia no rural cullerdense                               | Asociación de mulleres As Berenguelas                             |
| 04/02/21 | Os profesionais do O61 durante a pandemia                     | Asociación galega de técnicos de emergencias                      |
| 09/02/21 | O Banco solidario de préstamo de axudas técnicas de Culleredo | Asociación galega da ELA  |
| 11/02/21 | Mulleres investigadoras en Culleredo                          | Thais Pousada, profesora UDC                                      |
| 18/02/21 | Día Mundial do Asperger                                       | Asociación galega de familiares de persoas con Asperger (ASPERGA) |
| 23/02/21 | Inmigración e recursos para a regularización                  | ONGd SENVALOS   |

C.I.F. P-1503100-H



**CULLEREDO**  
**CONCELLO**

(R.E.L. 01150315)

|  |  |
|--|--|
| Código do documento<br><b>USG15I01XD</b>   | Código do expediente<br><b>USG/2021/85</b> |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br><b>1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1</b> |  |

C.I.F.P-1503100-H

|          |   |   |
|----------|---|---|
|          |   |   |
| 25/02/21 | Inmigración: servizos en Culleredo                                  | ONGd MESTURA  |
| 02/03/21 | Vivir en igualdade  | Susana Bogo, pedagoga Benestar social               |
| 04/03/21 | Asociación de mulleres As Berenguelas: proxectos                    | Pilar Vilar, presidenta de As Berenguelas           |
| 09/03/21 | O Centro de información á muller de Culleredo                       | Fátima Uzal, psicóloga CIM Culleredo                |
| 11/03/21 | Día mundial do Ril  | Aicer Culleredo                                     |
| 16/03/21 | O papel das ONG na pandemia   | Iosu López, pedagogo Benestar social                |
| 18/03/21 | Día mundial da Síndrome de Down                                     | Presidente de Down Coruña                           |
| 25/03/21 | Día mundial do Autismo  | Aspanaes Culleredo                                  |
| 30/03/21 | COVID19: O cribado de saliva en farmacias                           | Alberto Cepeda, farmacéutico                        |
| 06/04/21 | Día mundial da Saúde  | Asociación galega de trasplante de médula. ASOTRAME |
| 08/04/21 | A saúde mental na pandemia  | Txema Iparraguirre, psicólogo APEM Culleredo        |
| 13/04/21 | Día mundial do Parkinson  | Asociación Parkinson Coruña                         |
| 15/04/21 | Historia da etnia xitana  | Asociación Presencia Gitana                         |
| 20/04/21 | Guía do retorno á aula de menores tras hospitalizacións prolongadas | ASOTRAME  |
| 22/04/21 | O coste da alimentación en persoas con enfermedade celíaca          | Asociación galega de celiaquía (ACEGA)              |
| 27/04/21 | Día da diversidade lésbica  | ALAS CORUÑA   |
| 29/04/21 | A nova farmacia de Almeiras   | Farmacéutica titular                                |

#### PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

**\*\*Participación social :Culleredo enCLAVE social:**

**XX Aniversario da Asociación Cullerdense DISMACOR**

|  |                          |
|--|--------------------------|
| Código do documento  | Código do expediente     |
| <b>USG15I01XD</b>  | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                          |
|  | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

O Alcalde do Concello de Culleredo fará entrega dun agasallo institucional conmemorativo á Asociación de pais de nenos e persoas con discapacidade Mariñas Coruñesas (DISMACOR) co galo do XX Aniversario da mesma.

A Asociación cullerdense, con 100 familias asociadas, atendeu a máis de 800 nenos e nenas con diversidade funcional desde os seus inicios.

Dismacor constitúe para este concello un exemplo de loita por frear a exclusión que sufren as persoas con diversidade funcional na sociedade. Desde o 2001 veu traballando dun xeito inclusivo, cun modelo de intervención dende os propios centros de desenvolvemento da persoa (domicilios, centros educativos, contornas de interacción social...) de cara a determinar as necesidades reais da persoa e da súa familia que impiden que se poidan desenvolver como axentes sociais de pleno dereito.

#### **Colaboración có Obradoiro de nutrición ALCER CULLEREDO**

A Concellaría de política social e promoción do deporte colaborou coa asociación cullerdense ALCER no desenvolvemento dun obradoiro sobre nutrición en persoas con IRC.

A actividade tivo lugar no Centro Cívico de Fonteculler "Virginia Blanco", o 17 de maio en horario de 16:00 a 20:00 h, e contou cun estrito protocolo de prevención do COVID19.

#### **Colaboración coa carreira: "Wings for life worlds run"**

A Concellaría de política social e promoción do deporte colaborou na organización da Carreira solidaria virtual "Wings for life words run" que tivo lugar o 9 de maio, ás 13:00h no pavillón Ría do Burgo.

A actividade organizada polo asociación ENKI, Fundación de dano cerebral ADCAI, Fundación obra social ALUMAN e Cefine neurología S.L. , tivo por obxecto a sensibilización e solidariedade coas persoas con lesións medulares.

#### **Colaboración con Médicos do Mundo na App móvil para mulleres en situación de prostitución/traballadoras sexuais**

A Concellaría de política social e promoción do deporte colaborou coa ONG Médicos do Mundo facilitando información sobre os recursos no municipio para mulleres en situación de prostitución. O obxectivo é a confección dunha App específica para o colectivo.

A ferramenta móvil conterá todos os recursos a nivel nacional e facilitará que as mulleres dispoñan dunha ferramenta accesible para poder obter información sociosanitaria relevante que as axude a atender as súas necesidades e a atopar vías para saír da prostitución.

Médicos do Mundo é unha ONG que traballa en Culleredo coa súa Unidade móvil de atención sociosanitaria atendendo en varios pisos de traballadoras sexuais do municipio.

#### **Colaboración coa homenaxe ao voluntariado de Cruz Vermella**

A Concellaría de política social e promoción do deporte uniuse á conmemoración do Día mundial da Cruz Vermella e Media Lúa Vermella que se celebrou o 8 de maio.

Baixo o lema "Da sociedade e para a sociedade", a ONG quixo facer un recoñecemento ao voluntariado que traballou e está traballando incansablemente durante esta pandemia.

A Torre de Celas foi iluminada con ese fin."

3.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

#### **"ACTIVIDADES CULTURAIS**

17 de 20

|  |                          |
|--|--------------------------|
| Código do documento  | Código do expediente     |
| <b>USG15I01XD</b>  | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                          |
|  | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

## VENRES 21 DE MAIO

“Cullerchef na casa”, con Olga Rodríguez.  
Desenvolverase nas redes sociais do Concello de Culleredo.”

3.2.4.- A Sra. Iglesias Becerra dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da Área de Urbanismo:

### “RESOLUCIÓN DO 23.03.2021”

Concedendo a J.M.R.G. e J.P.P. licenza municipal por caducidade da anterior, para construcción dunha vivenda unifamiliar, situada no Lugar de Ledoño, parroquia de Ledoño, (exp. UAU/2020/194).

### RESOLUCIÓN DO 08.04.2021

Concedendo a M.L.R. Licenza municipal de obras para a rehabilitación parcial da vivenda unifamiliar, situada no lugar de Castelo de Abaixo, parroquia de Castelo (exp. UAU/2020/230).

Concedendo a M.C.L. e B.S.M. licenza municipal de obras para a construcción dunha vivenda unifamiliar situada na Rúa Juana Capdevielle, parroquia de Orro (exp. UAU/2021/34).

### RESOLUCIÓN DO 15.04.2021

C.I.F.P-1503100-H Concedendo a L.O.A. e S.R.D., licenza municipal de obras para a construcción dunha vivenda, situada na Rúa Río Xares, parroquia de Rutis. (exp. UAU/2020/324).

### RESOLUCIÓN DO 23.04.2021

Concedendo a M.M.S.R. e A.V.F. licenza municipal de obras para a rehabilitación dunha vivenda situada no Lugar de Donepedre, parroquia de Castelo (exp. UAU/2020/139).

### RESOLUCIÓN DO 03.05.2021

Concedendo a J.M.B.M. Licenza municipal de obras para a construcción dunha vivenda unifamiliar, situada no lugar de Outeiro de Arriba, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2020/187).

### RESOLUCIÓN DO 05.05.2021

Concedendo a BRONCE 15, S.L. licenza municipal de obras para a construcción dunha nave e actividade de loxística, na rúa Alcalde Ramón Añón números 6, 8 e 10, parcelas 84, 85, e 86 do Centro Loxístico de Transportes referencias catastrais 8016722NH4981N0001-BL/AL/WL, parroquia de Ledoño. (exp. UAU/2020/542).

Primeiro.- Concedendo a C.C.B. e F.R.G., a licenza de primeira ocupación para unha vivenda situada no Lugar de Peiro de Abaixo, parroquia de Veiga. Segundo.- Aprobando a devolución do aval depositado neste Concello por importe de 3.066 € e rexistrado co número de operación 201200017483. e Terceiro.- Dando conta da presente resolución aos servizos de Intervención e Tesouraría.(exp. UAU/2020/128).

### RESOLUCIÓN DO 06.05.2021.

Primeiro.- Concedendo a M.J.R.T., a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar no Lugar de Barrio, parroquia de Sueiro. Segundo, aprobando a devolución da fianza depositada neste Concello por importe de 3.430 € e rexistrado co número de operación 320170001091, e terceiro.- Dando conta da presente resolución aos servizos de Intervención e Tesouraría.(exp. UAU/2019/728).



**CULLEREDO**  
**CONCELLO**

(R.E.L. 01150315)

| Código do documento                       | Código do expediente     |
|---|--------------------------|
| USG15I01XD                                | USG/2021/85              |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

Primeiro.- Concedendo a J.M.S.S. e V.G.N. a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar no Lugar de Peiro de Abaixo número, parroquia de Veiga. Segundo.- Aprobando a devolución do aval depositado neste Concello por importe de 6.160 € e rexistrando co número de operación 230190000009.Terceiro.- Dando conta da presente resolución aos servizos de Intervención e Tesouraría.(exp. UAU/2020/35).

Primeiro.- Concedendo a D.D.A. a licenza de primeira ocupaciónunha vivenda situada no Lugar de Vinxeira Grande, parroquia de Celas. Segundo.- Aprobando a devolución do aval depositado neste Concello por importe de 5.180 € e rexistrando co número de operación 320170001493. e Terceiro.- Dando conta da presente resolución aos servizos de Intervención e Tesouraría.(UAU/2020/129).

Primeiro.- Concedendo a Promociones Orbuco S.L., a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na avda. da Hermida parroquia de Culleredo., Segundo.- Aprobando a devolución da fianza depositado neste Concello por importe de 700 € e rexistrando co número de operación 320190000254.eTerceiro.- Dar conta da presente resolución aos servizos de Intervención e Tesouraría.(exp. UAU/2021/126).

#### **COMUNICACIÓNES PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS**

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 04 de maio de 2021, a comunicación previa presentada por J.P.D., para a construcción dunha edificación auxiliar de 25 m<sup>2</sup>, no Lugar de Ledoño, parroquia de Ledoño (exp. UAU/2020/169).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 07 de maio de 2021, a comunicación previa presentada por M.M.P.M. Para cambio de cuberta dunha edificación situada en Celas, parroquia de Celas, (exp. UAU/2020/270).

C.I.F. P-1503100-H

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 10 de maio de 2021, a comunicación previa presentada por D.J.R.G. Para substitución de pavimento local destinado a peluquería situado en Plaza de Sta. Gema, da parroquia de Rutis, deste termo municipal. (exp. UAU/2020/201)

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 10 de maio de 2021, a comunicación previa presentada por M.X.S.F., para substitución de elementos de cubrición deteriorados vivenda situada en Lugar de Barrio, Sueiro, (EXP. UAU/2020/206)

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 11 de maio de 2021, a comunicación previa presentada por J.A.S.R. para instalación de suelo cerámico en local libre de uso situado en Avd. de Vilaboa, parroquia de Rutis (EXP. UAU/2020/208)

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 11 de maio de 2021, a comunicación previa presentada por J.M.O.LL., para reforma de baño en vivienda unifamiliar situada en R/ Río Sil, parroquia de Rutis, (EXP. UAU/2020/214)."

#### **3.3.- SENTENZA 167/2021 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO SEC. 3 - 003 DA CORUÑA, RECURSO DE APELACIÓN 7205/2020.**

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 167/2021, do 29 de abril de 2021, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo Sec. 3 - 003 da Coruña, Recurso de apelación 7205/2020, en cuxo fallo di:

"Que debemos desestimar y desestimamos el presente recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de OBRALAR S.L., contra la resolución impugnada , señalada en el encabezamiento de esta sentencia, y en su virtud la confirmamos, por resultar conforme a Derecho, y todo ello con expresa imposición de las costas a la parte apelante en la cuantía señalada en el último Fundamento Jurídico de esta resolución.

Notifíquese a las partes haciéndole saber que la misma **no es firme**, y que contra ella, se podrá interponer **recurso de casación (...)**".



|   |                          |
|---|--------------------------|
| Código do documento                       | Código do expediente     |
| <b>USG15I01XD</b>                         | <b>USG/2021/85</b>       |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                          |
|   | 1R4I 2I4K 3X5H 3W6Q 1AQ1 |

**3.4.- SENTENZA 79/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA,**  
**PROCEDIMENTO ORDINARIO 72/2017.**

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 79/2021, do 10 de maio de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña, Procedemento Ordinario 72/2017, en cuxo fallo di:

"Estimo parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por D. A.C.S., representado por la Procuradora Doña Berta Sobrino Nieto frente al Ayuntamiento de Culleredo, representado y bajo la dirección de la Abogada Doña María de las Nieves Fuentes Bermejo, y contra la Junta de Compensación de la UA-16, Culleredo, representada y bajo la dirección de la Letrada, Doña Elena Díaz Valverde, contra la resolución de fecha 25 de enero de 2017 dictada por el Ayuntamiento de Culleredo, desestimatoria del recurso de reposición formulado D. A.C.S., así como contra la aprobación definitiva del proyecto de bases estatuto de la Junta de Compensación de la Unidad de Actuación UA-16 de Culleredo. Interesando también que se tenga por interpuesto el recurso contencioso administrativo, mediante la impugnación indirecta contra el estudio de detalle de la Unidad de Actuación U.A.-16 Culleredo; y se declara no conforme a derecho la resolución adoptada por la alcaldía del Ayuntamiento de Culleredo el 25 de enero de 2017, y, en consecuencia, se deja sin efecto la aprobación definitiva del proyecto de bases y estatutos de la junta de compensación de la unidad de actuación UA-16 de Culleredo. Se desestima la demanda en todas las demás peticiones; sin méritos para la imposición de las costas.

Contra la presente resolución podrá interponerse recurso de apelación en el plazo de quince días siguientes a la notificación de esta sentencia, ante este mismo Juzgado y para ante la Sala correspondiente del TSJG. (.../...)".

C.I.F.P-1503100-H

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)